

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000019.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **xoves, día 18 de maio de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 15 E 22 DE FEBREIRO, 1, 8, 15, 22 E 29 DE MARZO, 5, 12, 19 E 26 DE ABRIL DE 2023.

**ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

2. RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XGL DO 15-3-2023 DE LICENZA PARA LEGALIZACIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA NA RÚA DOS CHAOS, 33 (Exp. 2022/Y001/000031).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA PARCELAMENTO DA PARCELA MATRIZ CON REFERENCIA CATASTRAL 27900C50205004 E PARCELA MATRIZ 27900A2550027 NA PARROQUIA DE ORBAZAI PARA MELLOR APROVEITAMENTO FORESTAL (Exp. 2022/Y005/000017).

4. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUN ALMACÉN PARA APEIROS EN CAMPO DA BARRA, SOÑAR (Exp. 2023/Y001/000042).

5. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UN PARQUE EÓLICO NO PICATO (Exp. 2022/Y001/000298).

## ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac6939326985685159641.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

### XESTIÓN URBANÍSTICA

6. PAGO DO PREZO XUSTO DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS CON MOTIVO DA "EXPROPIACIÓN POR MINISTERIO DE LEI DAS PARCELAS CATASTRAIS 9009002PH1690N0001BJ E 9009012PH1690N0001FJ", EXPEDIENTE NÚMERO 2022/000152 DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA.

7. PAGO DO PREZO XUSTO DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS CON MOTIVO DA "EXPROPIACIÓN POR MINISTERIO DE LEI DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL NÚMERO 9009001PH1690N0001AJ", NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2022/000153 DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA.

### ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

#### FACENDA LOCAL

8. SOLICITUD DA DEVOLUCIÓN DAS CANTIDADES ABOADAS POLO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS NAS LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS 5169664 E 8036938, RELATIVAS ÁS LICENZAS URBANÍSTICAS 663/2011, E A POSTERIOR MODIFICACIÓN COA LICENZA 118/17 PARA A CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO EN SOLO CLASIFICADO COMO URBANO NA CALZADA DA PONTE, NÚMEROS 30 E 32.

9. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A LEGALIZACIÓN DE FOSA DE XURRO EN PEDRADA.

10. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE CUBERTA E BAIXOCUBERTA, PLANTA BAIXA E INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN VIVENDA UNIFAMILIAR EN BOSENDE (BARXELAS), NÚMERO 36, PARROQUIA DE SAN FIZ DE MUXA.

## CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

11. PRÓRROGA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Á EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA RESTAURANTE ANEXO AO CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (CEI NODUS-ESPAAO LAB-PARQUE DE BOMBEIROS), EXPEDIENTE TECOL 2020/C005/000009 (2019-007), POLO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 21 DE XUÑO DE 2023 E O 20 DE XUÑO DE 2024.

12. RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO NÚM. 21/95 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN NO CENTRO SOCIAL E CULTURAL DO VELLO CÁRCERE (EXP. REF. 2018-15). TECOL 2020/C003/000022.

13. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO, COORDINACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOEDUCATIVAS NOS CENTROS MUNICIPAIS CASAS DAS LINGUAS, SITAS NA ESTRADA DA GRANXA E NO CENTRO DE CONVIVENCIA MARÍA BALTEIRA EXP. REF. 2021/C003/000031. PRIMEIRA PRÓRROGA.

14. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE E-ADMON PARA OS COMPOÑENTES TECOL (TRAMITADOR DE EXPEDIENTES) E SECOL (SEDE ELECTRÓNICA). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POLO PROCEDUREMTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDUREMTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2023/C003/000019.

15. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, ACTUACIÓN ENMARCADAS NO PLAN EMBECEMENTO FASE II A TRAVÉS DA ESTRATEXIA DUSI DENOMINADA DA MURALLA AO MIÑO-MURAMIÑAE CON COFINANCIAMENTO DO 80% DA UNIÓN EUROPEA FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL. CONTRATO RESERVADO A CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO INICIATIVA SOCIAL E A EMPRESAS INSERCIÓN REGULADAS. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, GASTO E ADXUDICACIÓN

## ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac6939326985685159641.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

PROCEDEMENTO ABERTO, EXP. REF. 2022/C003/000022.

16. CONTRATO MIXTO DE OBRAS, SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DO PROXECTO "REFORMA Y RENOVACION INTEGRAL DEL ÁREA DE JUEGOS INFANTILES DE LA PLAZA DE CAMPO CASTELO", Exp. Ref. 2023/C004/000002. ADXUDICACIÓN.

17. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CONXUNTO ESCULTÓRICO PARA SITUAR NO PARQUE DA LEMBRANZA CONFORME AO DESEÑO FACILITADO POLO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN, EXP. REF. 2023-C004-000015.

18. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MANTEMENTO DOS SISTEMAS AUDIOVISUAIS DO SALÓN DE PLENOS E SALÓN DE COMISIÓN DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI MURAMIÑAE DA MURALLA AO MIÑO, CÓDIGO DE PROXECTO: 16DUSI001, INCLUÍDO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER, ORDE HAP/2427/2015, DO 13 DE NOVEMBRO, CON FINANCIAMENTO DO 80%, EXP. REF. 2023/C004/000019.

19. CONTRATO DA OBRA "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO EN VARIAS RÚAS DO BARRIO DO GRUPO LA PAZ"; EXP. REF. 2021-C002-000055. DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 3/672 DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN PRESENTADA POLO CONTRATISTA.

## FOMENTO

20. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE LUGO PARA O MANTEMENTO DO CENTRO DE ACOLLIDA PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DEPENDENTE DO CONCELLO (2023).

21. APROBACIÓN DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

BASEADA NO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN.

### **PERSOAL**

22. AUTORIZAR A SOLICITUDE DE PERMUTA DE POSTO DE POLICÍA LOCAL.

23. NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE INSPECTORES DE POLICÍA LOCAL.

24. NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL.

25. APROBACIÓN DAS BASES PARA SELECCIÓN DE 4 TRABALLADORES/AS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORES DA RISGA.

### **ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**

#### **DESENVOLVEMENTO LOCAL**

26. PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E COMPROMISO DE COFINANCIAMENTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO LUGO XOVEN 5.0 ANTE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (XUNTA DE GALICIA).

27. PROPOSTA SOLICITUDE SUBVENCIÓN E COMPROMISO DE COFINANCIAMENTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO ARQUIVALUGO ANTE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (XUNTA DE GALICIA).

28. APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS DA SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO: LUGO SOSTIBLE 5.0 CÓDIGO DE PROXECTO:

## ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac6939326985685159641.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

222410204 LUGO SOSTIBLE 5.0.

### **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta.**